<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.

Contidos

- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.
- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
11	Os pobos prerromanos. A Hispania romana	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	TI	20
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.

Contidos

- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.
- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.
- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
12	O legado da antigüidade: as expresións artísticas e culturais.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas.		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	TI	20
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.

Contidos

- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na etapa da Educación Secundaria deben afianzarse no alumnado as bases da aprendizaxe creando hábitos de traballo, habilidades e valores que se manterán en etapas sucesivas. Hai que ter en conta que a idade dos alumnos e das alumnas desta etapa, así como as súas características xerais de maduración e de desenvolvemento, condicionan a acción educativa e a realización dos procesos de ensino e aprendizaxe.

Para que o alumnado logre adquirir os obxectivos desta etapa e desenvolver as competencias do currículo debe considerarse, entre outros factores, a natureza das materias, as condicións socioculturais, os recursos e as características do alumnado. Os procesos de ensino e aprendizaxe deben proporcionar ao alumno un coñecemento sólido dos contidos, pero tamén desenvolver hábitos intelectuais propios do pensamento abstracto, tales como a observación, a análise, a interpretación, a investigación, a capacidade creativa, a comprensión e expresión e o sentido crítico, e a capacidade para resolver problemas e aplicar os coñecementos adquiridos en diversidade de contextos, dentro e fóra da aula, que garantan a adquisición das competencias e a efectividade das aprendizaxes.

A metodoloxía, por tanto, estará orientada a potenciar a aprendizaxe por competencias, polo que esta será activa e participativa, potenciando a autonomía dos alumnos na toma de decisións para aprender por si mesmos. Utilizarase tamén o traballo cooperativo, no que a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares, facilitando os procesos de xeneralización e de transferencia das aprendizaxes, ao tempo que exercitan a procura selectiva de información e, finalmente, a aplicación do aprendido a novas situacións. Nesta liña, o traballo por proxectos é especialmente relevante.

O rol do docente é fundamental á hora de presentar os contidos cunha estruturación clara nas súas relacións, de deseñar secuencias de aprendizaxe integradas que expoñan a interrelación entre distintos contidos dunha materia ou de diferentes materias, de planificar tarefas e actividades que estimulen o interese e o hábito da expresión oral e a comunicación.

Tentaremos a motivación a partir da presentación do tema ou feito, incentivando no alumno a capacidade de recordación, aproveitando o de significativo que teña a súa contribución inicial.

Seleccionaremos os materiais en función da súa significatividade e do aproveitamento posterior.

Iniciarase ao alumnado no emprego das novas tecnoloxías desde o punto de vista das nosas materias, promovendo o uso da Aula virtual e páxinas de interese da rede e dando pautas para un uso racional dos materiais que nos oferta, aprendendo a contrastar a información e comprobando o grao de fiabilidade dos seus autores.

O alumnado debe ter conciencia de que vai ser avaliado non só polas probas puntuais

escritas senón, e tamén, polo traballo diario, conformando así unha actitude positiva cara o traballo.

Nos cursos da Aula Virtual os profesores incluírán recursos propios e outros presentes na rede.

No desenvolvemento das actividades o profesor atopará inevitablemente diversidade na aula polo que lle será necesario adaptar o proceso de ensino aprendizaxe aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos en función das necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais, integración tardía ou dificultades específicas de aprendizaxe.

Para detectar as diversas situacións a proba inicial realizada na primeira semana do curso será fundamental para poder adecuar no posible a nosa práctica ás características do alumnado.

Por último, a coordinación docente é clave tanto na selección das estratexias metodolóxicas como na elección de materiais e recursos didácticos de calidade. Os equipos docentes teñen que exporse unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados.

En primerio de ESO é esencial coordinarse co departamento de Orientación para establecer as metodoloxías didácticas personalizadas para o alumnado con Necesidades Especiais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Curso aberto na aula virtual do centro
Uso da aula de informática unha hora á semana
Correo corporativo do centro @iessantairene.es
Pizarra dixital
Mapas, papel milimetrado, libreta
Libros, revistas, textos, videos educativos

Para o ensino-aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia de primeiro da ESO utilizamos unha serie de recursos pedagóxicos: nas explicacións diarias utilizamos a pizarra dixital e os recursos elaborados pola profesora. Asemade, o libro de texto é una ferramenta de apoio e estudio fundamental para o alumnado na aula e na casa. O alumnado utilizará mapas, papel milimetrado para realizar gráficas, esquemas, resumos, exercicios do libro e os traballos suxeridos pola profesora, etc. Estes recursos son utilizadas tamén como instrumento de avaliación. Na aula virtual do IES Santa Irene temos un curso de xeografía e historia aberto no que o alumnado atopa información, materiais audiovisuais, exercicios, e ferramentas para poder desenvolver os proxectos didácticos plantexados.

O alumnado aprenderá a utilizar durante o curso os diferentes recursos que ofrecen as TICs para a aprendizaxe da xeografía e a historia. Aprenderán a utilizar as fontes, a seleccionar a información, a elaborar os contidos e a compartilos. Para facilitar o manexo das TICs os alumnos terán durante unha hora lectiva semanal clase na aula de informática. Como no centro temos un correo corporativo, @iessantairene.es que compartimos so o alumnado e profesorado, consideramos que temos garantías suficientes de seguridade e privacidade. Os pais/nais poden ter acceso tanto ao correo dos seus fillos/as como á aula virtual.. O instituto ten deseñado un plan lector polo que o alumnado vai a realizar unha serie de lecturas durante o curso, nos sugerimos dous libros de lectura, pero aparte, aportamos unha serie de lecturas voluntarias para incentivar a lectura. A Biblioteca do centro é un recurso aberto dada a cantidade de libros que pode ofertar.

Como traballamos de maneira interdisciplinar con outros departamentos, realizaremos durante o curso unha serie de actividades e lecturas coordinadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. A avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos na aula e unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se preavaliarán contidos histórico-xeográficos; incluimos unha preavaliación que permita coñecer as destrezas orais do alumnado.

Pero esta avaliación diagnóstica non é completa se non compartimos información e colaboramos co departamento de orientación do centro. Tanto a Orientadora como a pedagoga terapéutica colaboran para diagnosticar e informar sobre o alumnado con necesidades especiais, as Adaptacións curriculares que debemos realizar, o alumnado que necesita reforzo educativo.

En cada unidade didáctica podemos determinar os coñecementos previos do tema e as actitudes cara a materia para poder abordar a explicación. Desta maneira podemos definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Estas probas iniciais non deben ser valoradas numericamente a valoración a realizaremos durante o curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	10	5	5	10	10	10	10
Proba escrita	70	80	90	80	63	30	80	75	78	80
Táboa de indicadores	30	20	10	20	37	70	20	25	22	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	80	80	76
Táboa de indicadores	20	20	24

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 80% e a actividade de aula un 20%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, definir vocabulario específico de cada tema; preguntas de desenvolver, curtas ou tipo test; relacionar conceptos; identificar e comentar imaxes ou textos históricos; mapas físicos, gráficas etc.

Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A Actividade de aula comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; exposicións orais, etc.

No caso de ter notas numéricas con decimais, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval}) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval}) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval})] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación das unidades didácticas suspensas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non aprobe as avaliacións poderá recuperalas durante o curso, realizando fichas de reforzo con tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación e fará un exame de recuperación. O traballo será titorizado polo docente para promover unha recuperación positiva. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas. Cualificándose nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). A parte práctica deberá ser entregada no prazo indicado. Para calcular a nota da recuperación considerarase o 80% das probas escritas e o 20% dos traballos e será o resultado de: Nota recuperación da avaliación = [(Nota Ex.+ Media rúbricas T.I.)] Levarase a cabo un redondeo da cualificación e será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. A nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En primeiro de ESO non procede este procedemento.

6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado de 1º ESO é moi heteroxéneo e con distintos ritmos de aprendizaxe. Esta circunstancia determina unha estratexia de colaboración co departamento de orientación que é o encargado de determinar e precisar as distintas necesidades do alumnado de cada grupo. A colaboración coa pedagoga terapeuta do IES Santa Irene é esencia á hora de tabular con alumnado con Necesidades especiais (alumnado con problemas de comprensión, con TDAH, TEA, alumnado con atraso no proceso de aprendizaxe e do alumnado extranjero de recente incorporación. Durante o curso tentarase proporcionar aos alumnos que

o precisen actividades con distintos niveis de profundidade e complexidade. Desenvolveranse diferentestratexias de ensino co fin de facilitar as aprendizaxes dos alumnos en función das súas necesidades concretas.

Utilizaremos os contidos do libro de texto que conta con actividades de reforzo e de ampliación para desenvolver estratexias que permitan ao maior número de alumnos/as acceder ás competencias básicas, seleccionando as actividades por niveis de dificultade.

Os distintos tipos de actividade que seleccionemos terán en conta :

- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para aprender por si mesmo .
- A promoción de situacións de aprendizaxe que leven á reflexión.
- O afianzamento de conceptos, traballando os procedementos (textos, imaxes, mapas¿).
- A aplicación dos coñecementos ao contorno do alumno.
- O fomento da participación individual e en grupo.

Promoveremos a realización de traballos, que habitúen ao alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía e outras encamiñadas a fomentar actitudes e valores, como o debate, o xuízo crítico, a concienciación, a tolerancia e a solidariedade.

Buscarase integrar ao alumnado repetidor e facer un seguimento continuado da súa evolución para que non se descolguen da materia.

ACTIVIDADES DE REFORZO

As actividades de reforzo serán seleccionadas polo profesorado que imparta en ese nivel.

Para iso contamos con material no departamento e con material propio do profesor. O centro forma parte do Plan ABALAR para 1º e 2º da ESO, que permite utilizar as tablets para acceder a múltiples recurso TIC.(este curso o alumnado de 1º ESO carece de tablets Abalar polo que dos grupo temen acceso unha hora á semana a aula de informática)

ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

Pretendemos reforzar nos grupos da ESO os conceptos cunha serie de actividades que incentiven a capacidade cognitiva do alumnado e os seus traballos. Neste senso incentivaremos pequenos traballos de investigación ou proxectos seleccionadas polo profesor/a e outros de carácter interdisciplinar en colaboración con Dinamización

Lingüística, Orientación e demais departamentos docentes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social		X		X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X	X	X		
ET.3 - Educación para a igualdade		X		X			X	X
ET.4 - Emprendimento		X		X	X	X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita		X		X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do desenvolvemento sostible		X	X	X	X	X		
ET.7 - Educación para a paz		X		X	X	X		
ET.8 - Educación para o consumidor		X		X	X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	
ET.4 - Emprendimento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	
ET.6 - Obxectivos do desenvolvemento sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X			
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

Podemos sinalar os seguintes elementos transversais:

- A expresión oral e escrita, a comunicación audio visual, as tecnoloxías da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.
- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Do mesmo xeito promoveremos as aprendizaxes para a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- O desenvolvemento sustentable e o medio ambiente,
- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, ao fomento da igualdade de oportunidades, así como á ética empresarial. As actividades de adquisición fomentara medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no Plan Lector do centro	Propoñemos dúas lecturas para a segunda e terceira avaliación, relacionadas con feitos históricos			
Obradoiro de arqueoloxía	Segunda avaliación			
Visita didáctica á vila romana de Toralla, Salinas e Castro de Vigo	Terceira avaliación			

Observacións:

As actividades complementarias propostas para primeiro de ESO axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real, facilitan a socialización do alumnado e o traballo cooperativo. Asemade desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. As actividades deben ser motivadoras e inclusivas polo que é esencial que participen tamén o alumnado con necesidades especiais. Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

Durante o curso o departamento de xeografía e historia colaborará en aquelas para as que sexa requirido, tendo sempre presente que deberán de ter algún contido relacionado coas materias que imparte e sempre en función das necesidades da programación e da dispoñibilidade de cada un dos membros que o compoñen. Colaboraremos cos distintos departamentos desenvolvendo un ensino interdisciplinar.

Promocionarase a utilización dos recursos telemáticos que proporciona o centro para participar en actividades.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Análise do grao de desenvolvemento das programacións
Análise do rendemento acadado na materia
Coordinación das programacións entre profesores
Comprobación se os criterios de avaliación son claros e coñecidos polo alumnado

Descrición:

Cada profesor en cada avaliación por grupo e nivel analizará se a selección e temporalización de contidos e actividades se axusta ao programado.

Estudiarase sé se acadaron os obxectivos propostos e se estes se axeitan as concrecións dos criterios de avaliación e se estes permiten facer un seguimento dos progresos do alumnado.

Enténdese a labor de programación como unha tarefa de equipo coordinando o traballo de tódolos profesores do departamento.

Analizarase se a programación permite axustarse ás características, necesidades e intereses do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A reunión de Departamento adoitan a ser o foro adecuado para comentar e resolver as incidencias no desenvolvemento da programación docente. Pero é cando se analizan os resultados dunha avaliación conxunta cando se advirte se as directrices establecidas na programación funcionan ou non.

En cada periodo de avaliación o profesorado achegará datos dos grupos e niveis de que se encarga a través dunha plantilla proporcionada pola xefatura do departamento con información sobre os contidos traballados, os problemas atopados, o rendemento acadado na materia, o funcionamento xeral do grupo respecto a outras materias e as posibles suxestións.

A xefatura do departamento, unha vez recollida e procesada a información, fará chegar os resultados aos compañeiros e de ser o caso, introduciríanse os cambios oportunos.

Os datos das plantillas aportadas polo profesorado nos diferentes períodos de avaliación, así como as decisións que se tomen ao respecto das incidencias presentadas, incorporáranse a memoria do curso, que á súa vez servirá de base da programación do curso seguinte.

9. Outros apartados